

RESOLUCIÓN (Expte. RA 6 /2008) Taxación por Peritos Terceiros

Pleno

Sres.:

D. José Antonio Varela González, Presidente

D. Fernando Varela Carid, Vogal

D. Alfonso Vez Pazos, Vogal

En Santiago de Compostela, 16 de maio de 2008.

O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC), coa composición indicada máis arriba, e sendo Relator o vogal D. Fernando Varela Carid, ditou a seguinte Resolución no expediente RA 6/2008, Taxación por Peritos Terceiros, orixinado pola denuncia de D. A. Á.-O. C., presidente do Colexio Oficial de Aparelladores e Arquitectos Técnicos da provincia de Pontevedra, de 4 de febreiro de 2008 por presuntas prácticas contrarias á Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia (LDC).

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.- O 25 de marzo de 2008 tivo entrada no Servizo Galego de Defensa da Competencia (SGDC) un escrito da Dirección de Investigación da Comisión Nacional de Competencia no que se achegaba unha denuncia presentada por D. A. Á.-O. C., presidente do Colexio Oficial de Aparalledores e Arquitectos Técnicos da provincia de Pontevedra, solicitando que se ditara resolución acordando a inmediata suspensión do artigo 64.4ª.a) da Lei 16/2007, do 26 de decembro, pola que se

aproban os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, e posteriormente se anulase e deixase sen efecto o citado artigo.

- 2.- O SGDC, tras as dilixencias oportunas, remitiu o 2 de abril de 2008 un escrito a este Tribunal propoñendo que se dite resolución neste expediente acordando non incoar procedemento algún derivado da presunta realización de condutas prohibidas polos artigos 1, 2 e 3 da Lei 15/2007, de defensa da competencia (LDC), e se proceda ao arquivo das actuacións.
- 3.- O Pleno do Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC) na súa reunión de 8 de abril de 2008 admitiu a trámite o presente expediente e nomeou relator ao vogal D. Fernando Varela Carid.
- 4.- O Pleno do TGDC na súa reunión do 30 de abril de 2008 deliberou e fallou sobre este asunto.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A cuestión de fondo sobre este asunto que debe decidir o Tribunal é se acepta a proposta do SGDC de non incoar procedemento neste expediente e proceder ao arquivo das actuacións ou, pola contra, se debe ordenar a incoación dun procedemento por considerar que existen indicios de prácticas contrarias á LDC, a partir da denuncia presentada ou da información achegada polo Servizo.

SEGUNDO.- A denuncia de D. A. Á.-O. C., presidente do Colexio Oficial de Aparalledores e Arquitectos Técnicos da provincia de Pontevedra, está dirixida contra o artigo 64.4ª.a) da Lei 16/2007, do 26 de decembro, pola que se aproban os orzamentos da Comunidade

Autónoma de Galicia, que establece o procedemento para a designación dos chamados “peritos terceiros” encargados de efectuar a taxación pericial contraditoria para a aplicación dos tributos xestionados pola Administración Tributaria da Comunidade Autónoma de Galicia, naqueles supostos en que sexa necesario realizar unha comprobación dos valores dos bens obxecto de tributación.

Os aspectos contemplados nese artigo 64.4ª.a) son dous. Por unha parte, o citado artigo establece o modo en que se designará o perito terceiro que se encarga da taxación pericial contraditoria. Por outra parte, no mesmo artigo sinálase que a Administración tributaria competente poderá establecer os honorarios para os peritos terceiros que sexan designados. A denuncia de D. A. Á. – O. C. diríxese contra esas dúas cuestións.

TERCEIRO.-Respecto ao primeiro aspecto contemplado no artigo 64.4ª. a), o denunciante sinala que se establecen condicións restritivas da competencia no sistema establecido pola Administración para designar aos peritos terceiros que se encarguen da taxación pericial contraditoria, en particular, cando o citado artigo dispón que só poderán participar nas listas que se elaboren *“aqueles colexiados ou asociados que teñan centralizada a xestión administrativa e a dirección das súas actividades no ámbito territorial da Delegación da Consellería de Economía e Facenda correspondente”*.

Este Tribunal está plenamente de acordo co denunciante en que esa condición de adscrición territorial é innecesariamente restritiva da competencia, pois por unha parte contradice a Lei 7/1997, do 14 de abril, que estableceu o principio de colexiación única en

todo o Estado, e por outra parte, incumpre o disposto nos artigos 1 e 2 da LDC, que, nos seus respectivos apartados d), coinciden en prohibir “*a aplicación, nas relacións comerciais ou de servizo, de condicións desiguais para prestacións equivalentes que coloquen a uns competidores en situación de desvantaxe fronte a outros*”.

Tampouco parece compatible esa restrición baseada na adscrición territorial cos principios xerais de transparencia, concorrência e igualdade de oportunidades, que debe defender a Administración, nomeadamente cando fai uso da súa capacidade de contratación.

CUARTO.- A pesar das observacións anteriores, este Tribunal reconece que se aplica neste caso de xeito nídio o disposto no artigo 4 LDC, referente ás condutas exentas por lei. Na alínea 1 dese artigo, a LDC establece que “*as prohibicións do presente capítulo non se aplicarán ás condutas que resulten da aplicación dunha lei*”. En virtude desta disposición, está claro que a actuación da Administración neste caso está plenamente amparada pola legalidade, e só cabe, en consecuencia, a non incoación do procedemento e o arquivo de dilixencias, tal como propón o SGDC.

QUINTO.- No tocante á determinación de honorarios, este Tribunal considera que cabe admitir dentro das prerrogativas da Administración, así como de calquera outro demandante no mercado, a posibilidade de establecer unilateralmente as condicións en que desexa obter un produto ou un determinado servizo, entre as que figura de modo particularmente importante o prezo que se está disposto a pagar, sempre e cando se asuma a

posibilidade de non poder satisfacer esa necesidade se se establecen unhas condicións exclusivamente restrictivas ou fóra de mercado, dada a liberdade de contratación que se presupón entre as distintas partes actantes.

En opinión deste Tribunal, e desde ese punto de vista, a Administración Autonómica, en defensa do interese público e dos administrados, que en última instancia poden ter a obriga de facer fronte aos honorarios dos peritos terceiros que se contraten, pode establecer as retribucións a percibir polos facultativos que desexen efectuar as taxacións periciais contraditorias, sempre e cando se faga co carácter máis obxectivo posible e previo á elaboración das listas dos facultativos interesados en participar. Debe observarse, a este respecto, que a participación dos facultativos nas listas de peritos terceiros é totalmente voluntaria, tal como indica explicitamente a norma que se comenta.

SEXTO.- En definitiva, este Tribunal considera que, aínda que o artigo 64.4ª, a) da Lei 16/2007, do 26 de decembro, pola que se aproban os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, introduce restricións innecesariamente restrictivas da competencia ao establecer como requisito para a selección dos peritos terceiros que participen nos procedementos de taxación pericial contraditorias a adscrición territorial nas delegacións da Consellería de Economía e Facenda, non procede incoar procedemento algún derivado da denuncia presentada por D. A. Á.-O. C., presidente do Colexio Oficial de Aparalledores e Arquitectos Técnicos da provincia de Pontevedra, e deben archivarase as actuacións efectuadas neste expediente, ao existir pleno amparo legal para o establecemento dese requisito.

Vistos os preceptos legais aplicables e os de xeral aplicación, o Tribunal Galego de Defensa da Competencia

RESOLVEU

UN.- Declarar amparada polas exencións do artigo 4 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, a disposición contida no artigo 64.4ª.a) da Lei 16/2007, do 26 de decembro, pola que se aproban os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, nomeadamente no referente á adscrición territorial dos facultativos que se designen como peritos terceiros nos procedementos de taxación pericial contraditoria.

DOUS.- Declarar, en consecuencia co anterior, tanto no referente á procedencia dos peritos terceiros como á fixación dos seus honorarios pola Administración que non está acreditada neste expediente a existencia de ningunha práctica contraria á vixente Lei de defensa da competencia e, por tanto, corresponde non incoar procedemento algún e debe procederse ao arquivo das actuacións.

TRES.- Recomendar á Administración autonómica de Galicia a modificación do disposto no artigo 64.4ª.a) da Lei 16/2007, do 26 de decembro, pola que se aproban os orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, de xeito que se eliminen as restricións indicadas respecto á adscrición territorial dos facultativos legalmente autorizados para actuar como peritos terceiros, de modo que se respecte o principio de adhesión voluntaria sen restricións respecto ao lugar de procedencia dos facultativos.

Comuníquese esta Resolución ao Servizo Galego de Defensa da Competencia, e ao Conselleiro de Economía e Facenda, e notifíquese ao interesado, facendo constar que contra ela non cabe recurso algún en vía administrativa, podendo interpoñer recurso Contencioso Administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados dende a súa notificación.